

CAMPAMENTO INFANTIL DE MONTAÑA 2018

Nivel 1 Iniciación Infantil – de 9 a 12 anos
Nivel 2 Avanzado Infantil – de 10 a 14 anos

Este ano, co ánimo e ilusión de seguir formando aos nosos rapaces e rapazas no eido da montaña, desenvolveremos dous campamentos; por unha banda, comezaremos cun novo grupo de nenas e nenos cos que nos iniciaremos nas técnicas básicas de montaña, e por outro, continuaremos o camiño cos rapaces/as participantes no campamento do ano pasado aos que poderán sumarse outros/as que xa teñan uns mínimo coñecementos e/ou experiencia nas disciplinas sobre as que traballaremos.

DATAS: 27, 28 e 29 de xullo de 2018

LUGAR: Monte Aloia, Serra do Galiñeiro e Melón.

PREZO: 85 € (en caso de non estar federado/a +16€ ata os 13 anos, e +18 para os de 14 anos). A inscrición non será definitiva ata que se faga efectivo o pagamento no IBAN ES20 2080 5104 86 3040016923

PRAZAS: O número de prazas para cada nivel é de 12, cubríndose por estrita orde de inscrición.

RATIO: 1 técnico/a por cada 6/7 participantes

Campamento Infantil de Montaña 2018
(de 9 a 14 anos)

Monte Aloia, Galiñeiro,.....
27, 28 e 29 de xullo de 2018
Máis información en Facebook /escolagalegadealtamontaña

Senderismo, escalada, orientación, vivac, barranquismo,...

DESTINADO A:

Iniciación Infantil (N1): Campamento dirixido a nenos e nenas (federados/as ou non), con idades comprendidas entre os 9 e 12 anos que queiran iniciarse na realización de actividades técnicas de montaña, e que saiban nadar elementalmente.

Avanzado Infantil (N2): Campamento dirixido a nenos e nenas (con prioridade para as persoas federadas), con idades comprendidas entre os 10 e 14 anos que xa participaran no campamento de 2017, ou que tiveran participado con anterioridade en actividades de iniciación en montaña, escalada e/ou barrancos, é dicir, que posúan uns coñecementos e experiencias previas mínimas nas modalidades a desenvolver no campamento.

OBXECTIVOS: Que os rapaces/zas coñezan, practiquen e adquiran as destrezas nas diferentes actividades técnicas de montaña, que aprendan as técnicas básicas que lles axuden a desenvolverse no medio natural coa maior autonomía e seguridade posible, que aprendan a respectar o medio onde se desenvolven estas actividades, e que se divirtan e compartan as súas experiencias con outros rapaces da súa idade coas mesmas inquiredanzas.

HORARIO: Entrada o venres 27 de xullo ás 10:00 no Refuxio do Monte Aloia, e saída ás 18:00 horas o domingo 29 de xullo.

MATERIAL NECESARIO: Mochila para unha actividade dun día, calzado de montaña máis un par de reposto, roupa deportiva para 3 días, mudas de reposto, roupa de abrigo (forro polar ou similar, chuvasqueiro, luvas e gorro), gorra e crema de protección solar, toalla e neceser básico, bañador, saco de durmir, esterilla, e frontal ou lanterna.

ALOXAMENTO: As dúas noites durmirase no refuxio do Monte Aloia, propiedade do Club Montañeiros Celtas.

MANUTENCIÓN: Os nenos e nenas deberán traer a comida do primeiro día, e aqueles alimentos complementarios á actividade diaria (froitos secos, barritas,...). O resto de comidas (2 almorzos, 2 xantares e 2 ceas) serán nun restaurante anexo ao refuxio do Aloia.

No caso de que algún neno/a teña algún tipo de alerxia ou necesidade especial de tipo alimentario, os seus responsables terán que comunicarllo con antelación suficiente ao director/a da actividade.

TRANSPORTE: O transporte ata o punto de encontro o primeiro día e o punto de recollida o último día será a cargo do responsable do/a menor. Os transportes dende o lugar de pernocta ata os terreos de actividades o subvencionará a FGM.

CONTIDOS:

Iniciación Infantil (N1): Características dos deportes de montaña, equipo e material para unha actividade sinxela de montaña, técnicas básicas de orientación en montaña, técnicas básicas de escalada, e técnicas básicas de descenso de barrancos. Boas prácticas medioambientais.

Avanzado Infantil (N2): Técnicas de progresión en montaña, orientación, planificación dunha actividade de montaña, escalada e descenso de barrancos. Boas prácticas medioambientais.

METODOLOXÍA: A través de actividades dinámicas e xogos, cun aprendizaxe baseado na solidariedade e cooperación, e con rigorosidade pero adaptando os contidos ás idades e características dos nenos e nenas.

PROGRAMA RESUMIDO DAS XORNADAS

A complexidade das actividades variará en función dos niveis. Haberá actividades concretas que se desenvolveran de xeito conxunto para promover a convivencia de todos os rapaces/as participantes.

Día 1: No Monte Aloia: Condicionantes xerais nas actividades de montaña. Técnicas básicas de orientación. Equipo e material. Aspectos básicos de seguridade e protocolos de actuación en caso de emerxencia

Día 2: No Monte Galiñeiro: Escalada. Equipo e material específico.

Día 3: Río Cerves (Melón): Descenso de barrancos. Equipo e material específico.

INSCRIPCIÓN: A inscrición farase cubrindo o seguinte formulario <https://goo.gl/forms/dkLX7vCAmNXIFqb82>, no que haberá que xuntar o xustificante de pago e unha fotocopia do NIF do neno/a (non obrigatorio ata os 12 anos). No caso de nenos/as NON federados que queiran participar terán que contratar o noso seguro polos días de actividade que tramitará a FGM e que se incluírá no custe final do campamento. O prazo de inscrición rematará o día 17 de xullo de 2018

INFORMACIÓN: Federación Galega de Montañismo – Tel. 986 208 758 / 986 207 407, de luns a venres de 10:00 a 13:30 ou por correo-e a info@fgmontanismo.es